

CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Mamíferos mariños, situación, ameazas e conservación en Galicia

PABLO COVELO FIGUEIREDO.

Biólogo da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).
[cemma@arrakis.es]

Biólogo pola Universidade de Vigo. Dende 1998 é membro de CEMMA, participando no traballo de campo, redacción de informes e programas de educación ambiental. Na actualidade é o responsable da rede de varamentos e da rede de monitorización costeira.

RESUME

En Galicia hai rexistros de 22 especies de cetáceos, e dende o ano 1990 houbo varamentos de 20 delas. Dende a grande balea azul ata a pequena toniña, pasando por delfínidos, cífiros e cachalotes, sendo a máis frecuente o golfinho común. O noso traballo céntrase na asistencia a varamentos, recuperación, estudos poboacionais e de distribución mediante seguemento costeiro e embarques específicos, bio-acústica e foto-identificación.

Os cetáceos supoñen o 88% dos animais atendidos pola rede de varamentos de Galicia, uns 230 dos 260 anuais. Destes animais recóllese información morfolóxica e mostras biolóxicas en función do grado de descomposición no que se atopan ao chegar á costa, para a realización de estudos xenéticos, de idade, dieta, contaminantes, reprodución, parasitoxía, viroloxía, entre outros. Xestiónase un banco de mostras de especies mariñas ameazadas, incluíndo tartarugas e pinnípedos, que colabora activamente con distintos centros de investigación a nivel mundial.

Un 5% dos cetáceos aparece con vida. Ás veces é posible realizar unha reintroducción *in-situ* dependendo da valoración do estado do animal, ou ben pode ser necesario o seu traslado ás instalacións de recuperación.

A principal ameaza á que se enfrontan os cetáceos en Galicia é a captura accidental. Para intentar coñecer mellor esta problemática, avaliala e intentar reducila, fanse programas de concienciación co sector pesqueiro, enquisas e embarques. Un 40% dos cetáceos atopados nas costas galegas morreron por interacción con artes de pesca, e mesmo houbo anos en que este valor foi moi superior, como en 2011, que foi do 68%. A partires da media anual calculouse unha estima de que cada ano entre 700 e 900 cetáceos morren por este motivo.



Colaboran:



CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Tartarugas mariñas, situación, ameazas e conservación en Galicia

ALFREDO LÓPEZ FÉRNANDEZ.

Biólogo da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).
[cemma@arrakis.es]

Licenciado e Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Fundador e membro de CEMMA, onde tivo cargos de responsabilidade ata o ano 2011. Actualmente encóntrase realizando o post-doutoramento no Centro de Estudos do Ambiente e do Mar - CESAM da Universidade de Aveiro, integrado no proxecto LIFE MARPRO - Conservation of Marine Protected Species in Mainland Portugal. É tamén ilustrador científico.

RESUME


Cinco especies de tartarugas mariñas presentes no Atlántico son rexistradas nas augas galegas, aínda en baixa frecuencia. A maior parte dos rexistros son exemplares varados ou capturados e as observacións directas son moi pouco frecuentes.

As tartarugas supoñen o 8,5% da totalidade de varamentos de todos os animais mariños (tartarugas, mamíferos mariños, quenllas e lontras), sendo máis frecuentes as tartarugas común (*Caretta caretta*) e de coiro (*Dermodochelys coriacea*).

A distribución mensual dos rexistros indica unha maior incidencia entre os meses de novembro a xaneiro, con un lixeiro repunte no mes de xuño e un aumento no final do verán e outono. As capturas accidentais identificadas supoñen o 12% da totalidade dos rexistros, afectando sobre todo as tartarugas de coiro (*D. coriacea*), en artes como as nasas, redes fixas e arrastre.

As redes fantasma afectan sobre todo ás tartarugas comúns (*C. caretta*) e outros eventos, como o vertido do Prestige, destácanse como ameazas sobre os exemplares destas especies no seu paso polas augas galegas.

Un número importante de exemplares aparecen aínda con vida e son susceptibles de recibir atención co fin de rehabilitalos e permitir a súa continuidade no medio. Os labores de asistencia e recuperación destácanse como importantes accións de conservación para garantir a supervivencia do máximo número de exemplares que cheguen á plataforma de Galicia.



Colaboran:



CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Interaccións entre aves mariñas e pesquerías: situación en Galicia

ÁLVARO BARROS.

Biólogo. Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Universidade de Vigo.
[alvaro.barros@uvigo.es]

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Especializado en la ecoloxía das aves mariñas, participou en diversos proxectos sobre conservación destas especies nas súas localidades de nidificación en Galicia, sobre a súa distribución en augas continentais e oceánicas da Península Ibérica e sobre a problemática da interacción con pesquerías (Gran Sol). Na actualidade, realiza a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo sobre a dinámica poboacional do corvo mariño cristado na costa cántabro-atlántica, con especial atención a súa problemática de conservación no Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia.

RESUME

A captura accidental de aves mariñas en pesquerías comerciais é un problema de ámbito global. Probablemente, non existe unha pesquería que non afecte de maneira importante a algunha especie de ave mariña en concreto. Ben sexa no palangre, no arrastre ou nas artes de enmalle, decenas de miles de aves morren anualmente na realización destas actividades, sendo varias as especies ás que a actividade pesqueira ten levado a un estatus de conservación moi delicado. A natureza das interaccións entre aves mariñas e pesquerías é moi variada, como tamén o é o rango das medidas emprendidas para a redución desta problemática.

Na actualidade existe unha ampla gama de métodos contrastados que en moitos casos reducen moi significativamente as capturas accidentais de aves.

En Galicia, coinciden, por unha banda, unha grande riqueza pesqueira e unha importante flota que explota e, pola outra, importantes poboacións de aves mariñas tanto residentes como invernantes ou migradoras. Esta situación fai que exista un forte conflito entre a pesca (particularmente con artes de enmalle) e a conservación dalgunhas especies ameazadas, sen que polo momento se teñan implementado medidas encamiñadas a reducir os riscos de mortalidade das mesmas.

O aumento da sensibilización global fronte ao problema das capturas accidentais fai que sexa absolutamente preciso investigar a magnitude real do problema (especies e áreas máis afectadas), ao tempo que se poñen en práctica medidas específicas encamiñadas a reducir no máximo posible a captura e mortalidade das aves nas artes de pesca.



Colaboran:



CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Estudos de redución de capturas accidentais de quenllas en condicións de catividade no Oceanogràfic de Valencia

CÉSAR PÉREZ MUÑIZ.

Coordinador de Chelonia na Comunitat Valenciana. Responsable de Aves (Dep. Bioloxía), Oceanogràfic de València. Grupo Parques Reunidos. [comunitatvalenciana@chelonia.es]

Licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade Zooloxía, pola Universidade Complutense de Madrid. Actualmente é responsable do Departamento de Aves do Oceanogràfic da Cidade das Artes e as Ciencias de Valencia. Foi segundo responsable dos pavillóns da Xungla, o Bosque e o Aviario en Faunia, e traballou no Zooaquarium de Madrid, encargado do Departamento de Educación e como coidador en Naturaleza Misteriosa. Co-fundador e Tesoureiro da Asociación Chelonia, coordina a súa sede na Comunitat Valenciana e participou en diferentes proxectos con sapoconchos comúns, quenllas, tartarugas e sistemas de redución de capturas accidentais en pesquerías.

RESUME

A maioría dos estudos relacionados coa situación actual da conservación de especies mariñas, así como da problemática que supoñen as capturas accidentais, tratan sobre resultados obtidos pola flota pesqueira ou polos centros de recuperación, baseándose na cantidade de exemplares recollidos e nas patoloxías que estes presentan. Na presente conferencia preténdese destacar o importante papel que ten a utilización de técnicas etolóxicas no coñecemento destas especies e a súa aplicación na conservación por medio da exposición dun proxecto levado a cabo pola Asociación Chelonia.

O obxectivo principal deste proxecto consiste en comprobar o efecto repelente das ondas magnéticas sobre diferentes especies de quenllas en catividade para a súa posible aplicación en liñas nai de palangre, evitando así a súa captura accidental. Para a consecución deste obxectivo leváronse a cabo diversos estudos nas instalacións do Oceanogràfic de Valencia, analizando o comportamento alimenticio de distintas especies de quenllas en ausencia e presenza de imáns.

No primeiro dos estudos analizouse o comportamento alimenticio de melgachos (*Scyliorhinus canicula*), aloxados nos tanques de corentena do centro. Para iso realizáronse gravacións das sesións de alimentación en ausencia e presenza dos imáns. As imaxes obtidas analizáronse valorando o acceso dos animais á comida segundo as seguintes variables: Contacto, Mordedela e Repulsión. Os resultados da análise destas reaccións permitiron unha primeira aproximación ao efecto das ondas magnéticas sobre o comportamento dos individuos.

No segundo estudo realizouse unha análise sobre o comportamento alimenticio dos tiburóns lobo (*Carcharhinus plumbeus*), cuxo comportamento peláxico é moi similar ao das especies afectadas polo palangre de superficie. Unha primeira fase de gravacións realizouse sen presenza de imáns, e unha segunda fase con imáns, para poder comprobar o efecto destes dispositivos nesta especie. Neste estudo cabe destacar a importancia do deseño, no que se establece unha fase control onde se rexistra o comportamento alimenticio habitual de especies elixidas e cómo se ve afectado ao introducir os imáns que se pretenden utilizar para evitar a captura accidental de quenllas nas artes pesqueiras.



Colaboran:



CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Primeiros datos sobre o uso de imáns para a redución de capturas accidentais de elasmobranquios en pesca de palangre

MANUEL MERCHÁN FORNELINO.

Coordinador Xeral da Asociación Chelonia. [chelonia@chelonia.es]

Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid. Desenvolveu a súa actividade científica e profesional principalmente na identificación, formulación e xestión de proxectos de conservación e cooperación ao desenvolvemento sostible en Europa, América e África, así como na docencia universitaria. Responsable da Coordinación Xeral das delegacións e proxectos nacionais e internacionais da Asociación Chelonia. Autor de oito libros e numerosas publicacións e presentacións científicas relacionadas coa conservación da biodiversidade e a xestión racional dos recursos naturais. Dende 2007 compaxina os seus labores na Asociación Chelonia coa docencia na Facultade de Bioloxía da I.E. Universidad.

RESUME

Durante a primeira quincena de xuño levouse a cabo un embarque nun palangreiro con porto base en Vigo, co obxecto de verificar o efecto do uso de dispositivos electromagnéticos sobre a redución de captura de elasmobranquios e o incremento de captura de outras especies obxectivo como peixe espada ou túnidos. A embarcación realizou 7 lances ao longo da costa de Portugal durante 12 días de embarque. Dous tipos de brazoladas foron utilizadas na liña de palangre: (1) Destinada á captura de quella (*Prionace glauca*) e Marraxo (*Isurus oxyrinchus*) cun fragmento metálico (arame) na zona de unión da liña co anzol para evitar a súa perda perante a mordedela e (2) destinado á captura de Peixe espada (*Xiphias gladius*), sen este tipo de unión metálica. Observáronse tódolos anzois durante os 7 lances (7.229 anzois), identificando e contabilizando o total de especies capturadas. Foron capturadas 8 especies diferentes (4 comerciais e 4 descartadas). O 10,4% dos anzois capturaron quella (752 exemplares) e o 0,7% Marraxo (48 exemplares). As outras dúas especies comerciais capturadas foron o Peixe espada e o Sabre negro (*Aphanopus carbo*). Ambas especies apareceron no 0,03% dos anzois (2 exemplares). En canto a especies non comerciais, as máis capturadas foron o Marraxo momo (*Lamna nasus*) e a raia peláxica (*Pteroplatytrygon violacea*). O primeiro apareceu no 0,06% dos anzois (4 exemplares) e a segunda no 0,03% (3 individuos). Ademais, capturáronse 2 teleosteos non identificados pertencentes á familia Trichiuridae que foron descartados. Finalmente 1 exemplar de Mascato (*Morus bassanus*) pereceu afogado despois de inxerir un anzol.

Dos 7.229 anzois observados, en 198 colocáronse imáns. Do total de anzois con imáns, o 1,01% (2 anzois) capturaron quella e os 196 restantes non capturaron ningún animal. A porcentaxe de captura de elasmobranquios nos anzois con imán foi máis baixo que o dos anzois sen imán (quella: 10,7% [sen imán] vs. 1,01% [con imán]; Marraxo: 0,7% [sen imán] vs. 0% [con imán]; Marraxo momo: 0,06% [sen imán] vs. 0% [con imán]; Raia peláxica: 0,04% [sen imán] vs. 0% [con imán]). Aínda que se trata de datos preliminares e o esforzo de colocación de anzois é baixo, parece que pode existir unha diminución no número de capturas de elasmobranquios nos anzois equipados con imáns, resultados que concordan con as probas realizadas en cativeiro.



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE LA PESCA
Invertimos en la pesca sostenible



Asociación
Chelonia

Colaboran:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA



CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Colaboración entre administracións e sector pesqueiro na xestión sostible de especies mariñas

CARLOS BOTANA LAGARÓN.

Xefe de División de Medio Ambiente. Autoridade Portuaria de Vigo. [carlosbotana@apvigo.es]

Licenciado en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo e Máster en Dirección e Administración de Empresa (M.B.A.) e en Xestión Ambiental. Experto na implementación de sistemas de xestión ambiental, de calidade da auga, loita contra a contaminación, sistemas de seguridade e en pesca, foi responsable do Porto Pesqueiro de Vigo en materia ambiental durante máis de 10 anos. Ademais é representante dos Portos Españois no Comité de Sostenibilidade de ESPO (Asociación Europea de Puertos) desde hai dous anos e coordinou sete proxectos europeos sobre medio ambiente e investigación no Porto de Vigo, sendo membro de diferentes comisións e grupos de traballo en materia ambiental dentro da Comisión Europea (Directiva Hábitat, Directiva Marco da Auga).

RESUME

O Porto de Vigo, un dos maiores centros de actividade portuaria de Europa, xoga un importante papel en na xestión ambiental e pesqueira dentro do valioso entorno natural da Ría de Vigo a través da elaboración e execución de diferentes proxectos de investigación e administración relacionados co manexo ambiental, a conservación de especies mariñas e a sustentabilidade pesqueira como aspectos dependentes e inter-relacionados no aproveitamento equilibrado dos recursos mariños e o desenvolvemento e planificación de actividades humanas nesta rexión costeira.

É de especial importancia o establecemento de vías e medios de colaboración entre administracións públicas, organizacións non gobernamentais, institucións de investigación e o sector pesqueiro no seu conxunto para conseguir un maior grado de conservación das especies mariñas e a viabilidade de actividades socioeconómicas a longo prazo. O rescate de delfíns, tartarugas mariñas, lobos mariños e varias especies de aves mariñas son casos singulares de exemplos prácticos de colaboracións puntuais que foron levadas a cabo neste sentido ao longo dos últimos anos.

A planificación e desenvolvemento de estratexias de colaboración continua entre organizacións públicas e privadas coa participación e involucramento da sociedade civil son fundamentais para alcanzar novos obxectivos de conservación e desenvolvemento socioeconómico dentro dun marco baseado na confianza e a transparencia.

A Autoridade Portuaria de Vigo veu promovendo con maior intensidade este tipo de accións nos últimos anos, polo que a análise do seu desenvolvemento permite establecer novas pautas e directrices para o seu afianzamento e consolidación.



Colaboran:

CONSERVACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS E SISTEMAS PARA A REDUCCIÓN DE CAPTURAS ACCIDENTAIS EN PESQUERÍAS DE GALICIA

30 de xuño de 2014
Edificio de Sesións, Autoridade Portuaria de Vigo

Estado de conservación e lexislación para a preservación e manexo de elasmobranquios e tartarugas mariñas en pesquerías

ANTONIO CASTRO CASAL.

Director de Proxectos e Coordinador da Asociación Chelonia Galicia. [galicia@chelonia.es]


Licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela, con máis de 15 anos de experiencia en identificación, formulación e coordinación de accións e proxectos de conservación e cooperación ao desenvolvemento en Latinoamérica (Bolivia, Colombia e Paraguai) e España, a través de alternativas como o ecoturismo e de uso equilibrado do territorio, principalmente en brañas e áreas protexidas. Conta con experiencia en procesos de formación e sensibilización en comunidades rurais e indíxenas illadas. Así mesmo, coordinou e participou en proxectos de investigación e conservación de crocodilianos e tartarugas, de auga doce e mariñas, no Neotrópico e España.

RESUME

Encóntranse catalogadas entre 1.125 e 1.165 especies de elasmobranquios a nivel global. Delas, 1.042 foron avaliadas pola UICN para coñecer o seu estado de conservación (Lista Roxa de Especies Ameazadas). Así, en 2014 encóntranse incluídas na categoría de En Risco Crítico de Extinción (CR) 20 especies (1,92% do total de especies avaliadas); 44 especies (4,22%) atópanse categorizadas como En Risco de Extinción (EN); 116 especies (11,13%) como Vulnerables (VU); 130 especies (12,48%) como Case Ameazadas (NT), 255 especies (24,47%) de elasmobranquios (IUCN) como Preocupación Menor (LC); e de 477 especies (45,78%) cóntase solo con Datos Deficientes (DD) que non permiten establecer seu estado de conservación. Por tanto, o 17,27% das especies (180) de elasmobranquios avaliadas, de 6 ordes, considéranse ameazadas (CR, EN, VU), aínda que hai que ter en conta a alta porcentaxe (45,78%) de especies das que non se pode establecer seu grado de ameaza. Os Rajiformes, o grupo máis diverso e numeroso, presenta 107 especies ameazadas (10,27%), seguida polo dos Carcharhiniformes, con 30 especies (3,65%).

Do total de elasmobranquios, 17 especies atópanse incluídas nos Apéndices de CITES e nos Anexos do regulamento de protección de especies da fauna e flora silvestres da CE (dez no Apéndice II (Anexo B) e sete no Apéndice I (Anexo A)), representando un 9,4% das especies ameazadas. Dentro do territorio español, 19 especies atópanse no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial, aínda que 13 delas referidas sómente a súas poboacións mediterráneas. A conservación de este grupo atópase regulado por múltiples acordos internacionais e rexionais, xerais e específicos, destacando o Plan de Acción Internacional de Tiburóns (FAO, 1999) que promoveu a elaboración e execución de plans nacionais e rexionais, como o Plan de Acción da CE, entre outros.

Das sete especies de tartarugas mariñas a nivel global, seis considéranse ameazadas (carei e mariña pequena CR, común e verde EN; de coiro e olivácea VU) y de unha (franca oriental) non hai datos (DD). No obstante, algunhas das súas sub-poboacións considéranse con maior ou menor grao de ameaza. Todas atópanse no Apéndice I de CITES. Múltiples acordos e plans de acción internacionais e rexionais, así como plans e disposicións nacionais regulan e promoven a conservación das tartarugas mariñas.



Colaboran: